# R conecta outros 500 novos fogares e negocios de Sanxenxo ás súas redes de nova xeración

- ***A peche do mes de xullo incorporáronse ás redes avanzadas de R outro medio milleiro de novas residencias particulares e empresas de varios núcleos do municipio de Sanxenxo, que xa poden desfrutar dos servizos avanzados do operador galego.***

- ***O despregamento destas redes está subvencionado polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nueva Generación (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital.***

- ***Estes 500 novos inmobles incorporados súmanse a outros preto de 900 que se conectaran ás redes de última xeración de R en meses anteriores no marco do Plan Avanza; e en virtude do mesmo programa serán un total de 3.500 a peche de 2021.***

**Mércores, 18 de agosto de 2021.-** Arredor de **500 novas residencias particulares e empresas** dos núcleos de Xesteiriña, Chandevila, Fonte de Ons, Xuncabranca e Gondar de Abaixo, no municipio pontevedrés de Sanxenxo, veñen de conectarse ás redes avanzadas de **R**, co que xa poden dispoñer de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos (suba e baixada) e gozar de todos os servizos avanzados de telecomunicacións do operador galego.

Aproveitando ao máximo as infraestruturas dos lugares, **R** rematou arestora en Sanxenxo este novo treito das tarefas de despregadura da súa rede de fibra óptica, que se engaden ás desenvolvidas con anterioridade para incorporar outros **900 inmobles** en diferentes núcleos do municipio, igualmente no marco do Plan Avanza.

Cando, tras o exercicio de 2021 se complete a despregadura de rede neste concello da bisbarra do Salnés, Sanxenxo contará, só en virtude do programa do Ministerio, cunhas **3.500 residencias e empresas** conectadas ás redes de nova xeración do operador galego, e preparadas para recibir os seus servizos avanzados de teléfono, internet de ata 500 megas simétricos e televisión dixital multicanle.

A maiores, **R** leva anos investindo pola súa conta na despregadura de infraestruturas en Sanxenxo, onde xa dispoñen de cobertura outros **7.183 fogares e empresas** do municipio. Deste xeito, preto de **10.700** (7.183 + 3.500) será a cifra total de inmobles de Sanxenxo preparados para gozar dos servizos de última xeración de da compañía galega a peche de 2021.

## 10 millóns de investimento e fondos europeos

Este e outros desenvolvementos de rede na provincia de Pontevedra forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital dos que **R** resultou adxudicataria en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuxeran de alta velocidade ata o momento ("zonas brancas").

Nos tres plans **investiranse un total de 10M€**, dos cales preto de 8M€ serán subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, a despregadura nos devanditos núcleos de Sanxenxo encádrase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo) cun investimento total de 3,58M€.

Un segundo proxecto fala igualmente da despregadura de banda ancha de nova xeración con tecnoloxía FTTH, desta volta en **154 núcleos de municipios do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, o investimento é de 2,6M€.

O terceiro dos proxectos adxudicados desenvólvese en **196 núcleos doutros municipios do suroeste de Galicia** (Pontevedra), traballos que nestas zonas suporán un investimento total de 3,75M€.

## 65.000 fogares e negocios conectados a peche de 2021

Arredor de **32.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018 ao operador galego polo Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Dixital. A estes traballos hai que lles unir as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para achegarlles tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes "zonas brancas" da xeografía galega; en concreto, para conectar **33.000 fogares e negocios** ás redes de nova xeración de **R**, cuxos servizos están arestora en fase de comercialización. E así, ao remate dos dous plans, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

De feito, a día de hoxe, só no marco do Plan Avanza, **R** ten chegado por vez primeira coas súas redes de nova xeración a núcleos de municipios das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade como Tomiño, O Rosal, Monterroso, Palas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Pobra de Trives, Petín, Barreiros, Lourenzá, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Muxía, Moraña, Guitiriz, Abegondo, Ribadumia, Combarro e Ponte Caldelas.

Todas estas localidades poden desfrutar agora de accesos ultrarrápidos a internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do desco Android 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo ***rebobina*** para ver a tele como e cando se queira.

Así mesmo, as/os clientas/es de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse de balde a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** espallados pola xeografía galega. E todo isto, cunha atención ao/á cliente/a próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

**comunicación R**
prensa@mundo-r.net
**R** .gal

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
*Una manera de hacer Europa*

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE ECONOMÍA Y EMPRESA